

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 2

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ordinaria, continuación da realizada o día 31 de xaneiro de 2011, que terá lugar o día **7 DE FEBREIRO DE 2011 ÁS NOVE HORAS**, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

5.- Mocións:

- 5.1.- Moción do Grupo municipal do BNG contra os recortes sociais do Estado e da Xunta de Galicia. Expte. 110/1101.
- 5.2.- Moción do Grupo municipal Socialista relativa aos investimentos da Deputación Provincial de Pontevedra en Vigo. Expte. 116/1101.
- 5.3.- Moción do Grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a rectificación da orde do 30.12.10 que establece as bases para axudas e subvencións para o fomento do emprego. Expte. 117/1101.
- 5.4.- Moción do Grupo Popular rexeitando a suba das tarifas da enerxía eléctrica, instando un pacto en política enerxética e conxelar as tarifas durante o ano 2011. Expte. 114/1101.
- 5.5.- Moción do Grupo Popular demandando do Goberno de España o mantemento do Programa temporal de protección por desemprego e inserción. Expte. 111/1101.

6.- Asuntos urxentes.

- 6.1.- Moción do Grupo do BNG rexeitando as pretensións do Estado de privatizar ou bancarizar a Caixa Galega. Expte. 121/1101.
- 6.2.- Moción do Grupo Socialista instando á Xunta declarar a Serra do Galiñeiro como zona de especial protección e paralizar novo parque eólico.

PARTE DE CONTROL

1.- Toma de coñecemento dos acordos ou resolucións doutros órganos municipais ou de informes ou escritos que así o requiran.

- 1.1.- Dar conta de resolucións da Alcaldía.
- 1.2.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.
- 1.3.- Dar conta de resolución da Alcaldía de data 29.12.10 de delegación temporal de funcións en don Santos Héctor Rodríguez Díaz.

2.- Coñecemento dos informes citados no art. 38.2.m.4º do Regulamento

do Pleno.

3.- Comparecencias de membros da Corporación.

4.- Mocións.

4.1.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando a creación dun servizo nocturno de gardería para nenos de 0 a 6 anos. Expte. 113/1101.

4.2.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando se prosigan os traballos de investigación arqueolóxica na rúa Celso E. Ferreiro. Expte. 120/1101.

4.a. Mocións urxentes

5.- Formulación de rogos.

6.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, ó abeiro do disposto no art. art. 73.3 do Regulamento orgánico do Pleno do Concello de Vigo, BOP nº 180, 17-09-2010, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión **ORDINARIA**, continuación da realizada o 31 de xaneiro de 2011, no salón de Plenos ás **NOVE HORAS do día SETE DE FEBREIRO**, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

Kv

O ALCALDE,

Vigo, 3 de febreiro de 2010
A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

Mª Concepción Campos Acuña.